



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O DÍA
30 DE MARZO DO 2017**

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

En Padrón, sendo as vinte horas do día trinta de marzo do dous mil dezasete, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 26 DE XANEIRO DE 2017.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 9 DE FEBREIRO DE 2017.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria e urxente realizada o nove de febreiro de dous mil dezasete, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 23 DE FEBREIRO DE 2017.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

4.- APROBACIÓN DA COMPATIBILIDADE SOLICITADA POR DON IVÁN PATIÑO ROMERO PARA DESENVOLVER UN SEGUNDO POSTO DE TRABALLO NO SECTOR PRIVADO.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro. O 16 de novembro de 2016 don Iván Patiño Romero, persoal laboral deste Concello que ocupa o posto de traballo de peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipais, solicita a compatibilidade para prestar servizos como "carretilleiro" de forma eventual e a tempo parcial a través dunha ETT.

Segundo. Por Providencia do Concelleiro delegado en materia de persoal solicítase informe á secretaria municipal sobre esta petición, o cal resulta emitido o 20 de marzo de 2017.

Terceiro. O 21 de marzo do 2017 informa tamén o Coordinador-xefe de protección civil do Concello.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o informado pola secretaria municipal o 20 de marzo de 2017, cuxos argumentos son asumidos no presente acordo como motivación en base ao establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), que di:

<<Primeiro. A normativa sobre os supostos de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

públicas está constituída principalmente pola LI, lei estatal de carácter básico agás o artigo 17.1., a DA 5ª e DT 7ª (que en nada afectan ao suposto que agora se informa) en desenvolvemento do previsto no artigo 149.1.18ª da CE que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios. Asemade a propia normativa de réxime local, concretamente o artigo 145 do TRRL, remítese á lexislación básica estatal nesta materia.

No artigo 2.1.c) da LI recóllese expresamente que é aplicable ao persoal ao servizo das Corporacións Locais e dos organismos delas dependentes, engadindo o apartado 2 do mesmo artigo que neste ámbito entederase incluído todo o persoal, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego, é dicir, inclúe tanto ao persoal funcionario como ao laboral.

No presente suposto trátase da solicitude de persoal laboral temporal coa categoría de peón do Grupo de emerxencias supramunicipal.

Segundo. *A LI estrutúrase nunhas normas xerais aplicables en todo caso, unhas normas especiais para o suposto de realizar unha segunda actividade de carácter privado e outras para o suposto de realizar unha segunda actividade no ámbito do sector público.*

Como norma xeral recóllese no seu artigo 1.3. que “el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluído en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia”. A esta norma xeral hai que engadir o disposto no artigo 11.1:

“De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 1.3 de la presente Ley, el personal comprendido en su ámbito de aplicación no podrá ejercer, por sí o mediante sustitución, actividades privadas, incluídas las de carácter profesional, sean por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares que se relacionen directamente con las que desarrolle el Departamento, Organismo o Entidad donde estuviera destinado”.

Na solicitude presentada explícase que o posto de traballo será a de “carretilero”, é dicir, persoal encargado de conducir e manexar máquinas elevadoras. Aínda descoñecendo as actividades das entidades para as que poida traballar non parece que o posto esté relacionado co que ocupa no GES ou que poida comprometer a imparcialidade ou independencia do señor Patiño Romero no desenvolvemento deste último dado que todas as tarefas e funcións (das que logo falaremos) atribuídas ao GES están relacionadas coa atención ás emerxencias e os traballos preventivos para evitar estas.

A continuación a LI no artigo 12.1 relaciona unha serie de prohibicións específicas para actividades no sector privado:

“a) El desempeño de actividades privadas, incluídas las de carácter profesional, sea por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares, en los asuntos en que esté interviniendo, haya intervenido en los dos últimos años o tenga que intervenir por razón del puesto público.

Se inclúen en especial en esta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se este obrigado a atender en el desempeño del puesto público.

b) La pertenencia a Consejos de Administración u órganos rectores de Empresas o Entidades privadas, siempre que la actividad de las mismas esté directamente relacionada con las que gestione el Departamento, Organismo o Entidad en que preste sus servicios el personal afectado.

c) El desempeño, por sí o persona interpuesta, de cargos de todo orden en Empresas o Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servicios o suministros, arrendatarias o administradoras de monopolios, o con participación o aval del sector público, cualquiera que sea la configuración jurídica de aquéllas.

d) La participación superior al 10 por 100 en el capital de las Empresas o Sociedades a que se refiere el párrafo anterior.”

Entendemos excluídos os apartados b), c) e d) na medida en que a solicitude precisa que se trataría da prestación de servizos a través dunha ETT, é dicir por conta allea. Con respecto ao recollido no apartado a) relacionamos a continuación as tarefas atribuídas aos peóns do GES na cláusula segunda e no Anexo IV do Convenio de Colaboración asinado o 13 de maio de 2013 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as 4 Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais (ao cal se adheriu o Concello de Padrón por Resolución 339/2013, do 27 de maio) e incorporadas ao correspondente contrato de traballo asinado o 13 de agosto de 2013:

1. *Intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este. Nos incendios forestais deberán empregarse os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.*

2. *Realización de traballos forestais preventivos.*

3. *Intervención en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivadas das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.*

4. *Intervención en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca.*

5. *Colaboración, e no seu caso, intervención en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.*

6. *Colaboración coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.*

7. *Colaboración e apoio de calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.*

8. *Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM) e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.*

9. *Intervención en incendios forestais no seu ámbito de actuación integrados no dispositivo do SPDCIF e baixo o mando único descrito no PLADIGA.*

10. *Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.*

11. *Realización de actividades e, no seu caso, establecemento de medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.*

12. *Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.*

13. *Así mesmo poderán ser requeridos para colaborar na defensa de incendios forestais declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.*

Dado que este Convenio tiña unha vixencia de ata o 31 de decembro do 2015, o Concello, por Resolución 864/2015, do 30 de decembro, acordou adherirse á adenda asinada entre as mesmas entidades o 29 de decembro de 2015 e prorrogar os contratos de traballo do persoal do GES, entre eles o do señor Patiño Romero. Na cláusula cuarta do convenio modificado recóllense como funcións propias do grupo:

1. *Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.*

2. *Definir redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais.*



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

3. *Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*
 4. *Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011.*
 5. *Realizar actuacións de prevención de pragas, entre elas de prevención da praga da avespavelutina, tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.*
 6. *Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.*
 7. *Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntos de terra, situacións e de seca, así como actividades de prevención e control fronte a pragas e doenzas forestais.*
 8. *Colaborar, e no seu caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.*
 9. *Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede. Colaborar e apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.*
 10. *Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.*
 11. *Realizar actividades e, no seu caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.*
 12. *Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.*
- De todo o anterior concluímos que como conductor de máquinas elevadoras o ámbito material e suxeitivo en nada coincide co de peón do grupo de emerxencias, polo que entendemos que todas as limitacións legais mencionadas, de carácter xeral e específico, se respetan no presente suposto.*

Terceiro. *Por outra parte ademais, o segundo posto debe cumprir unha serie de requisitos:*

1. *Que non supoña modificación da xornada de traballo. Dado que na actualidade a xornada laboral do GES é de 1.647 horas anuais en quendas de 24 horas cada 3 días, parece que sería compatible co exercizo da segunda actividade nos 2 días intermedios entre turno e turno sempre que se respete o descanso mínimo entre xornada e xornada (12 horas segundo o artigo 34.3 TRET). Na propia solicitude indícase expresamente que a segunda actividade realizarase fóra da xornada laboral e respetando os descansos mínimos e sen afectar aos turnos e horarios do posto de traballo municipal.*
2. *O artigo 13 da mesma lei prohibe conceder unha compatibilidade para unha actividade privada si a mesma persoa xa ten concedida outra para un segundo posto no sector público. Neste caso non ten concedida ningunha outra.*
3. *Non pode autorizarse a compatibilidade si o solicitante percibe complemento específico ou concepto equiparable (por calquera concepto tal e como ten sinalado a STS do 11 de marzo de 1994, Ar. 2071) e iste supera o 30% da súa retribución básica excluída a antigüidade. Segundo nos informan na intervención municipal o traballor solicitante non percibe ningún tipo de complemento.*

4. Segundo o artigo 7 da LI, de concederse a compatibilidade, os servizos prestados no segundo posto non computarán a efectos de trienios ni de dereitos pasivos, poidendo suspenderse a cotización a este último efecto, e as pagas extraordinarias e as prestacións de carácter familiar só poderán percibirse por un dos postos.
5. No suposto de que o solicitante cambiara de posto de traballo a compatibilidade, de ser concedida, quedará automaticamente sen efecto de acordo ao establecido no parágrafo cuarto do artigo 14 da LI.

Cuarto. Por último sinalar que o órgano competente para conceder ou denegar esta compatibilidade é o Pleno tal e como sinala o artigo 14 da LI, previo informe favorable dos "Directores dos organismos, entes ou empresas públicas". No presente suposto non existe esta figura pero si un coordinador-xefe de Protección Civil en cuxo contrato de traballo se recolle que os seus servizos consisten en "coordinar emerxencias municipais nos distintos medios de intervención" ao que engade "coordinar emerxencias municipais, colaboración con policía municipal, conductor de vehículo contra incendios e vehículos de emerxencias e elaboración e mantemento do plan de emerxencias municipais como Coordinador Xefe de Protección Civil e protección cidadá", polo que parece que o seu informe sería o máis oportuno.

De aprobarse a compatibilidade, o acordo do pleno deberá ser comunicado ao Consejo Superior de la Función Pública tal e como indica a DA 3ª da LI e inscribirse no Rexistro de persoal (artigo 18). Non obstante este último non existe no Concello de Padrón a pesares de ser unha obriga establecida no artigo 90.3 da LBRL, 71 do TREBEP e 46 da LEPG, e o Consejo Superior foi suprimido no Estatuto Básico do Empregado Público.

Quinto. Contra o acordo adoptado polo Pleno poderá interporse, ademais do recurso de reposición, o contencioso-administrativo, independentemente de que se trate de persoal laboral, ao ser un acto dunha administración pública suxeito ao dereito administrativo, polo que a xurisdicción competente é a Contencioso-Administrativa (Auto do TS, Sala de Conflictos de Competencia, do 19 de outubro de 2002, RJ 2003/5472).>>

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal:

Primeiro. Conceder a don Iván Patiño Romero, persoal laboral temporal do Concello de Padrón que ocupa un posto de traballo de peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipais, a compatibilidade para desenvolver un segundo posto de traballo no sector privado como "carretilero" de carácter temporal e a tempo parcial nas seguintes condicións:

1. Que non supoña modificación ou alteración algunha da xornada de traballo e quendas establecidas no posto de peón do GES.
2. Os servizos prestados no segundo posto non computarán a efectos de trienios ni de dereitos pasivos, poidendo suspenderse a cotización a este último efecto, e as pagas extraordinarias e as prestacións de carácter familiar só poderán percibirse por un dos postos.
3. No suposto de que o solicitante cambiara de posto de traballo a compatibilidade quedará automaticamente sen efecto de acordo ao establecido no parágrafo cuarto do artigo 14 da LI.

Segundo. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non habendo ningunha intervención o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Dúas (2), emitidas pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 22 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA SOBRE A DOTACIÓN ÁS PRAZAS DA VILA DE ELEMENTOS ESCULTÓRICOS.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mandato 2007/11 como responsable da concellería de cultura, inicie e completei o primeiro plan de dinamización turístico e cultural, de agosto a decembro de 2007 entre outras medidas adoptadas con custo cero para o concello enuméranse: o de recuperar e posteriormente rotulalo rueiro histórico, establecer catro roteiros culturais, recuperar documentación histórica, pergameos, pezas históricas, restauración das mesmas, restauralo AHM, informatizalo, clasificar, catalogar os seus fondos, dotalo de normativa. Recuperación patrimonial de zonas históricas degradadas, establecemento da credencial pedronía, sinalización do camiño Santiago Padrón, recuperación e posta en valor dos lugares xacobeos de Padrón Santiaguíño do Monte, Fonte do Carne, Ponte Santiago, albergue, etc. O obxectivo foi a dinamización turística e cultural de Padrón que considero que dou os seus froitos.

Ao mesmo tempo que traballaba en levar adiante este primeiro plan, xa estaba a planificalo segundo para o cuatrienio 2011-15 que complementaríase e desenvolvería a recuperación da memoria histórica da Vila.

Entre os obxectivos desa recuperación tería especial incidencia a recuperación da intrahistoria de prazas e prazoletas que dende a Alta Idade Media nos albores do nacemento urbano na Vila Patroni (principios do s. XII) lle conferirán unha característica diferenciadora como centro dunha actividade comercial que perdura aínda hoxe case 1.000 anos despois, adaptada por suposto aos tempos actuais como centro de transaccións, compras e vendas de mercadorías á que acoden milleiros de visitantes tódolos domingos.

Unha vez recuperado o rueiro histórico faise preciso recuperala memoria histórica das diferentes prazas e prazoletas, humanizándoas e dotándoas de mobiliario para que a veciñanza, visitantes e xeracións futuras desfruten delas e non esquezan cal era a súa funcionalidade e perviva este legado na memoria colectiva.

É polo que a petición propia e avalado por peticións veciñais PROPOÑO O SEGUINTE ACORDO DE RESOLUCIÓN:

Que se dote progresivamente ás prazas e prazoletas da Vila de elementos escultóricos alusivos á actividade

comercial de antano, ideas: Na praza das galiñas colocación dunha figura escultórica na que se represente a un/ha vendedor/a con galiñas arredor, praza do pan (figura escultórica alusivo a venda de pan, praza do liño (figura escultórica representando o fiado con roca ou tear), praza da herba (figura escultórica alusiva á venda de herba ou de xuncos), Tafona (alusiva a un forna de pan antigo), praza do peixe (venda de peixe ou ragabelo con peixe), praza Travesas (confección de travesas), Ferreiros (ferraduras). Os elementos escultóricos terán como obxectivo harmonizar no espazo e non rachala funcionalidade simétrica das prazas e prazoletas tendo en contra a súa característica principal que é o seu pequeno tamaño.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que isto non é nada novidoso porque en cidades que teñen un pasado histórico importante xa existen eses conxuntos escultóricos como pode ser Pontevedra onde en numerosas prazas se fai alusión a esas antigas actividades comerciais. Que a praza do liño é a praza de Macías e o liño tivo unha importancia primordial en Padrón na baixa Idade Media. Que a praza do peixe é a actual rúa Vidal Cepeda que era onde estaba a antiga rúa da pescadería vella que foi substituída cando se construiu a actual praza de abastos. Que a praza de Travesas era unha praza importante porque era onde se confeccionaban as travesas que protexían as murallas ou cerca medieval da vila de Padrón. Que a rúa dos Ferreiros destinábase á venda de ferraduras. Que os elementos escultóricos teñen un obxectivo que non é outro que harmonizar no espazo e non rachar a funcionalidade simétrica das prazas e prazoletas tendo en contra a súa característica principal que é o seu pequeno tamaño. Pensa que é necesario que se transmita ás xeracións futuras esa outra historia da vila e perdure ao longo dos séculos.

Sr. Santaló Ríos. Comparte a intencionalidade desta moción, pero en canto ás medidas concretas xa ten algunha diferenza. Que establecer unhas estatuarías ao longo de todas estas prazas, dada a súa dimensión, suporía un cargamento excesivo e incluso poderían perder o seu encanto e podería limitar un plan para recuperar o casco vello.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que eles están de acordo porque como dixo o señor Rodríguez Carbia na comisión informativa é unha proposa aberta e non pechada. Que tamén se pode dotar de utensilios urbanos, como poden ser bancos. Pensa que a proposta exposta polo BNG non é incompatible co dito polo señor Rodríguez Carbia.

Sra. Rey Pazos. Cree que o primeiro que hai que facer para humanizar estas prazas é dicidir a que se queren destinar. Consideran que o destino principal que deben de ter as prazas é que deben ser un lugar de encontro onde os veciños teñan as súas reunións, paseen e onde poidan celebrarse actuacións culturais de música, teatro ou poesía. Por todo isto considera que a primeira medida a tomar para a humanización destas prazas non pode ser a colocación en todas e cada unha delas dunha escultura. Entende que hoxe en día hai outros elementos, como pode ser a tecnoloxía, que permiten recuperar a memoria histórica. Aproveita a moción para que se valore a posibilidade de dotar algunha destas prazas de wifi gratuíta para a cidadanía.

Sr. González Pardal. Di que está de acordo coa moción e pensa que é necesario despois do plan de peatonalización que fixo o Concello porque se necesita dotar de máis elementos decorativos para que sexa máis atractivos de cara aos veciños e os turistas e peregrinos.

Sr. Forján Seoane. Comenta que están de acordo co fondo porque o que se propón é que se dote progresivamente ás prazas e prazoletas da vila de elementos escultóricos e o resto son ideas que poden ser asumidas ou non, pero hai que facer algo máis que iso porque agora hai unha rúas que antes estaban invadidas polos coches e que necesitan agora dotarse dalgún elemento máis e que isto debería ser consensuado por todos os grupos.

Sr. Alcalde. Dille que toma en conta as súas palabras.

Sra. Couso Dopazo. Di que se pode ir facendo progresivamente todo o que se propón, incluso dotar con prantas ou maceteiros para darlle un pouco máis de vida a esas prazas, polo que están completamente de



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

acordo coa moción.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Dúas (2), emitidas pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción presentada pola CIPa de data 20 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA INSTANDO MELLORAS NOS PASEOS FLUVIAIS E NA ÁREA DE LECER DA DESEMBOCADURA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso dende o paseo da canle de derivación do río Sar ata o campo da Insua carece de alumeadado público, a iluminación dende os arcos da Ponte ata o inicio do paseo de Finsa é claramente deficiente, dende este punto ata a desembocadura tampouco existe alumeadado público, na área de lecer o alumeadado tamén é insuficiente a maiores este espazo precisa de tarefas de conservación e mantemento máis frecuentes e de reposición e ampliación de mobiliario. Os accesos dirección Padrón -desembocadura teñen un alumeadado moi deficiente, sendo un tramo moi perigoso polo volume de tráfico que soporta e porque se carece de medidas de seguridade vial, si lle engadimos que todas estas zonas empréganas numerosos padroneses tódolos días para pasear, son motivos máis que suficientes para actuar e corruxila situación.

A maiores a área de desembocadura pola noite convertese nun lugar pouco recomendable para pasear por cuestións de seguridade.

É polo que a petición propia e avalado por peticións veciñais PROPOÑO OS SEGUINTE ACORDOS DE RESOLUCIÓN:

- a.- Que se dote de alumeadado público axeitado as zonas indicadas.
- b.- Que se realicen tarefas continuas de conservación e mantemento da área de lecer da desembocadura.
- c.- Que se proceda a reposición e ampliación do mobiliario do paseo fluvial (papeleiras, bancos).
- d.- Que se garantan medidas de seguridade vial.
- e.- Que se proceda a realizar tarefas de control e vixilancia nesta zona ao anoitecer para garantir a seguridade cidadán.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Comenta que tamén comparte os desexos, pero á hora da actuación parécelle que se deben concentrar os recursos do concello nos puntos fundamentais e non comparten que haxa que alongar máis o alumbrado público porque parécelles excesivo cando hai outras necesidades que levan reivindicando fai moito tempo, como é a conexión entre o casco de Padrón e detrás do campo de fútbol. Que lle parece prioritario e fundamental garantir a seguridade porque agora como está asfaltado convertiuse nunha pista de rallys. Insiste que á hora de concretar as medidas hai que priorizar e formalizar as actuacións.

Sr. Rodríguez Conde. Di que tamén están de acordo en que hai que ir dotando pouco a pouco esa zona de lecer e incluso con novos tipos de iluminación, como se dixo na comisión informativa. Insiste en que pouco a pouco dependendo dos recursos económicos.

Sra. Rey Pazos. Di que no punto que ten máis dúbidas é no primeiro e nos outros si que está de acordo. En canto ao primeiro cree que hai que facer unha valoración global e centrarse en puntos onde máis se precise e nesos puntos buscar unha iluminación alternativa que sexa máis eficiente. Que ten claro que si van poñer as luminarias que hai no casco que iluminan ao ceo e non á terra é mellor non facer nada.

Sr. González Pardal. Comenta que está de acordo e tamén está de acordo co paseo que está detrás do campo de fútbol que está insuficientemente iluminado. Que a área que está na desembocadura é unha área moi importante para os padroneses. Que hai un problema moi importante de drogadicción e roga ao goberno tome medidas no asunto porque cada vez hai máis xente alí con ese problema.

Sr. Forján Seoane. Di, como antes, que están de acordo co fondo pero que hai que buscar outro tipo de luminarias e sobre todo si se vai poñer pola zona do río e desde A Ponte ata a Finsa hai iluminación pero é moi deficiente.

Sr. Pardo Andrade. Di que eles tamén están de acordo coa moción pero hai que ser conscientes de que isto non se pode asumir nun ano nin en dous, senón que habrá que ir por fases estudando a mellor forma.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Dúas (2), emitidas pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción presentada pola CIPa de data 20 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DE VECIÑOS SOBRE VERTEDOIRO S ILEGAIS NO RÍO ULLA E NO RÍO SAR.

Pola señora Rey Pazos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<Exposición de motivos

Segundo a Real Academia Española un río defínese como “Corrente de auga continua e máis ou menos



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

caudalosa que vai desembocar noutra, nun lago ou no mar”.

Outras definicións máis completas ao noso entender, falan de río como un sistema natural representado por unha corrente de auga continua ou discontinua con un marcado dinamismo temporal e espacial (cheas e estiaxes). A corrente é portadora de caudais líquidos, sólidos e biolóxicos que son vertidos noutra corrente, nun lago, no mar ou excepcionalmente desaparece (sistemas arreicos) ou estenden os seus caudais sobre a superficie terrestre. O río é tamén o hiporreico, o que está por debaixo da superficie, o leito polo que discorre e a chaira que pode inundar periódicamente.

Un río é, en definitiva, un corredor biolóxico, un ecosistema natural complexo e dinámico que alberga vida.

O primeiro que temos que ter claro é que os ríos non son nosos, son un patrimonio da natureza que recibimos en herdanza e debemos utilizar en usufructo co compromiso de conservalos, coidalos e protexelos para que as futuras xeracións poidan gozar deles.

Así a Directiva 92/43/CE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (ou Directiva Hábitats) crea en 1992 a Red Natura 2000. A Red Natura 2000 está formada pola Zonas Especiais de Conservación (ZEC) -e polos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) ata a súa transformación en ZEC-, establecidas de acordo coa Directiva Hábitats, e polas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), designadas en aplicación da Directiva de Aves.

Dentro da lista de Lugares de Importancia Comunitaria atopamos, no noso concello, o sistema fluvial Ulla-Deza.

O obxectivo da Red Natura 2000 á garantir a conservación, nun estado favorable, de determinados tipos de hábitat a especies nas súas áreas de distribución natural, por medio de zonas especiais para a súa protección e conservación.

Para iso, os Estados Membros da Unión Europea deben tomar as medidas oportunas para manter os lugares nun estado de conservación favorable, entre eles aprobar plans de xestión específicos. Os plans de xestións son imprescindibles para establecer as medidas para executar en cada espazo para establecer o estado de conservación dos valores naturais así como para coñecer o financiamento necesario para a aplicación destas medidas.

Por todo o devandito deber ser un obxectivo primordial deste Concello e do goberno do Partido Popular, conservar a protexer os nosos ríos. E esta protección dun río ou tramo de río debe ir máis aló de que teña unha determinada especie, obxecto de protección; a protección dos ríos debe ter como obxectivo a salvagarda de todas as súas funcións e valores ambientais, xeomorfolóxicos, paisaxísticos, escénicos, lúdicos e socio-culturais, etc.

Gran parte da cidadanía e dos seus representantes políticos, por descoñecemento ou interese, considera que o problema dos ríos é que están sucios: cheos de pedras, árbores e vexetación; porque xa non se limpan como antes. Pero debemos entender que o río non é unha rúa que sexa preciso limpar rutinariamente. É bo que os ríos teñan vexetación de ribeira e tamén que haxa troncos e ramas, da mesma maneira que tamén é bo que haxa pedras, rocas, gravas, cantos rodados, areas, pozas e distintos tipos de corrente. Por iso, as limpeza dos ríos deben centrarse fundamentalmente no material que precisamente non sexa do río: cascallos, lixos, plásticos, etc.

O que non podemos nin debemos permitir é de facer do río e do seu ecosistema un vertedoiro e sobre todo tendo en conta que estos forman parte da Red Natura 2000. Con todo, iso é o que nos atopamos en dous puntos concretos do noso Concello:

- Na marxe dereita do río Ulla, en Herbón (Anexo I: Localización) na denominada zona de policía (100 m a partir da zona DPH) e na zona de servidume (5 m a partir da zona DPH), onde podemos atopar todo tipo de cascallos como se pode observar no Anexo II: Fotos Ulla. Indicar e destacar que se

poden atopar plásticos e outro tipo de cascallos (restos de obra, partes de coches, etc) no camiño que leva a esa zona do río.

- No río Sar temos un punto destacable baixo a ponte que cruza o río na zona do Campo de fútbol (Anexo III: Localización), onde se acumulan fundamentalmente restos de bolsas e plásticos varios que parecen ser consecuencia da celebración do mercado dominical, fundamentalmente.

Por todo o exposto, considerando que a sociedade e a administración non debe tolerar este tipo de vertedoiros ilegais, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1.- Que desde o Concello e dentro das súas competencias, tómense as medidas necesarias para que se proceda a recoller todos os restos que están depositados na zona indicada en Herbón ou se inste ás autoridades competentes para que o fagan.
- 2.- Que se tomen medidas de concienciación, prevención e que eviten que o río Sar échase de plásticos, sobre todo coa celebración do Mercado Dominical.
- 3.- De non tomarse medidas que eviten que estes residuos plásticos deposítense nas marxes do río Sar ou de ser estas ineficaces, proceder periódicamente á recollida dos mesmos; entendemos que o máis apropiado sería semanalmente e preferentemente despois da celebración do mercado dominical.
- 4.- Que se valore como medida de protección dos ríos asinar un convenio de colaboración co "Proxecto Ríos" dirixido por ADEGA que nos permita establecer unha rede cidadá activa de voluntarios para coñecer, previr e solucionar os problemas dos nosos ríos.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que está de acordo co primeiro punto, pero dubida que o concello nestes momentos por el mesmo teña capacidade para facelo, dado que moitos deses residuos hai que entregalos a un xestor autorizado e iso ten un custo elevado. Que debería ser a Consellería de Medio Ambiente a que procedera a retiralos ou axudar ao Concello a que o faga. Que en canto ao tema da prevención dos plásticos no río Sar pensa que é unha moción que xa se ten presentado por todos os grupos políticos pero ao cabo de 3 ou 4 mercados volve a estar o mesmo. Pensa que non é unha labor de concienciación senón que é unha labor preventiva de imposición de sancións dado que o foco contaminante está localizado nunha zona moi determinada. Que en canto ao último punto, fala dunha asociación, pero aquí hai unha serie de xente voluntaria na zona de Padrón, Rois e Dodro que se preocupa tamén pola conservación da natureza, pero é unha responsabilidade porque quen se fai cargo dos rapaces que se poidan meter no río. Que todo pasa por labores de prevención e insiste que non se quedaría só cunha asociación senón que abriría para que todos aqueles que queiran o podan facer.

Sr. Santaló Ríos. Di que o que lle parece máis interesante é precisamente este punto 4º porque el xa tiña recomendado que se fixera algún convenio ou que se puxeran en contacto con esta asociación porque é a única que o fai. Que non só se podería incluír ese Proxecto Ríos senón que tamén se podería ampliar e pedir colaboración para unha redución da reciclaxe importante no servizo de recollida de lixo. Que son convenios relativamente económicos e moi rendibles e de feito onde se fan soen manterse no tempo polos resultados que obteñen, moi por riba do custo.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están de acordo coa moción. Que o outro día na comisión informativa cando se falaba do vertedoiro incontrolado de Herbón o concelleiro explicaba que había moitos máis e que se estaban tomando medidas. Que con respecto ao punto 2 están de acordo con que se limpe a zona do río Sar dos plásticos e como dixo o señor Rodríguez Carbia xa todos teñen presentado mocións neste sentido. Que en canto ao punto 3 tamén están de acordo e con respecto ao punto 4 pide que non esté pechado só a Adegas, senón que tamén está a plataforma en defensa do río Sar, ao igual que Alondra ou Remonte. Insiste que educación, concienciación e, cando non funciona, utilizar a sanción.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. González Pardal. Comenta que tamén está a favor da moción e recorda que fai pouco o Concello pagou case 30.000 € en sancións a Augas de Galicia. Que hai unha serie de vertidos incontrolados tanto no río Ulla como no río Sar e está de acordo co tema da recollida dos plásticos. Que aparte de Adega existen outro tipo de plataformas coas que se pode colaborar. Que, en definitiva, está de acordo coa moción.

Sr. Forján Seoane. Di que eles tamén están de acordo e lle estrana, dado que todos están de acordo, que na comisión informativa se rexeitara unha proposta do grupo socialista que falaba precisamente da retirada dos plásticos nunha zona moi concreta detrás do campo de fútbol. Que lle pide ao novo responsable do mercado que adopte as decisións necesarias para impedir, evitar ou minimizar a chegada dos plásticos ao río.

Sr. Pardo Andrade. Comenta que xa explicou na comisión informativa que xa se notificou á Xefatura Provincial o dos vertedoiros e non son dous senón que hai oito vertedoiros en todo o Concello. Que facer iso é un custo moi grande porque se está falando de 20.000 a 30.000 €. Que en canto ao do río Sar ao mellor non é necesario facer un convenio con ninguén porque si hai unha boa concienciación e se instala unha malla para que os domingos os plásticos non vaian ao río. Insiste que o Concello non pode asumir o custo da retirada deses vertedoiros incontrolados.

Sr. Alcalde. Aclara que están en contacto coa Xefatura Territorial dende fai tempo para a retirada deles.

Sr. Rodríguez Conde. Explica ao señor Forján Seoane que o outro día votaron en contra da urxencia porque consideraron que xa VÑ presentara unha moción na que no punto 2 aclaraba a do PSdeG-PSOE, non porque non estiveran de acordo con ela.

Sra. Rey Pazos. Entede que, sobre todo o de Herbón, é costoso, pero si os terreos son de autoestradas deberían facerse responsables eles tamén. Que dado que xa todos os compañeiros presentaron mocións nese sentido pregunta que medidas se adoptaron para evitar que iso seguira incrementándose. Que cando a educación e a concienciación non vale hai que chegar á sanción.

Sr. Pardo Andrade. Comenta que a Policía autonómica foi por alí e presentou un escrito no Concello e se lle contestou dicindo que non eran terreos municipais. Que se lle mandou a autoestradas pero non fixeron nada.

Sra. Rey Pazos. Pensa que é un tema, no caso de que haxa financiación, no que haberá que investir e ir retirando pouco a pouco e chegando o momento pedir permiso no Xulgado para entrar nesa propiedade e facelo. Que con respecto a Adega, explica que a propuxo porque veu que é a que máis experiencia ten no tema dos ríos, sobre todo os que pertencen á Rede Natura. Que o que fai Adega é un convenio de colaboración e isas asociacións que se nomearon tamén poden colaborar nesa rede de voluntariado, non as exclúe. Que o que quere é que haxa unha rede de voluntariado. Que VÑ xa trouxo a pleno unha proposta de Adega para a compostaxe.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción presentada por VÑ de data 20 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

8.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA SOBRE O ENTROIDO TRADICIONAL NA PARROQUIA DE SAN PEDRO DE CARCACÍA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos acenos de indentidade do grupo ao que represento foi e segue a sar a defensa dos tradicións culturais e patrimoniais, de aí que non podamos ser alleos a súa recuperación etnográfica. O municipio de Padrón perdeu moitas costumes ancestrais debido a diferentes motivos e conserva outras prazas ao tesón e a perseveranza do pobo, sen axudas oficiais e moitas veces con atrancos e esquecementos inexplicables de diferente índole, tal como acontece co entroido da parroquia de San Pedro de Carcacia.

Os xenerais e atranques perviven en Carcacia xunto como noutras parroquias e lugares do Ulla nos concellos de Teo, Vedra, Boqueixón, Vila de Cruces, Santiago, Silleda e Touro etc.

O certo é que nin na cartelería, nin nos folletos informativos, nin na páxina web: turismogal aparece citado o concello de Padrón e por suposto a parroquia de San Pedro de Carcacia como integrante do único entroido rural tradicional que previve exclusivamente no noso municipio, ao desaparecen as comparsas ou murgas tan famosas a medidado do século XX e das que temos constancia polo legado do seu patrimonio etnográfico que nos comprometemos a facer público.

É polo que PROPOÑO O SEGUINTE ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Que a corporación adopte acordo plenario de colaboración e financiación suficiente tanto do concello como o compromiso de busca na Administración Autonómica que garanta a supervivencia deste entroido tradicional na parroquia de San Pedro de Carcacia.

b.- Requirir da Administración Autonómica, mediante escrita oficial e acordo plenario que o mesmo se proxecte informativamente en tódolos folletos ou páxinas webs da Administración Autonómica como si se está a facer con outros concellos e non co noso.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que é consciente de que moitas veces hai problemas administrativos de permisos para que este entroido poida circular polos diversos lugares da parroquia de Carcacia, cando saen á estrada que pertence á Xunta de Galicia, pero case a totalidade dos lugares da parroquia están comunicados por pistas. Que cando teñen que cruzar os tramos da estrada poderíase regular por membros da policía local. Que sería bo que cando se celebre o desfile do entroido, o sábado de piñata, os xenerais de Carcacia tiveran un protagonismo nese desfile e sería unha mostra palpable de que se está a facer algo por ese entroido de Carcacia.

Sr. Santaló Ríos. Di que está completamente de acordo e que sirva de reproche ao goberno actual do PP na Consellería de Cultura porque esto xa se fixo durante o bipartito, cando ostentaba esta Consellería o BNG, e fixo unha intensa campaña de promoción e de edición de materiais e que agora sería moi fácil reeditar.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que están de acordo coa moción.

Sra. Rey Pazos. Cree que non só hai que apoialo senón que tamén hai que potencialo por ser de grande interese turístico. Que hai que apostar por este tipo de celebracións e cree que é boa a idea a sinalada polo señor Rodríguez Carbia de que se lle dea a posibilidade de participar en Piñata.

Sr. González Pardal. Di que está de acordo tanto co señor Rodríguez Carbia como co señor Santaló Ríos. Que é un atractivo turístico e lle parece perfecto a reivindicación que fai o señor Rodríguez Carbia e o dito polo señor Santaló Ríos cando estaba de Conselleiro o señor Lois.

Sra. Couso Dopazo. Di que tamén están de acordo coa moción e farán as xestións oportunas para seguir traballando con isto e poñelo en auxe porque é moi importante a nivel turístico.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 20 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

9.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA SOBRE A RESTAURACIÓN DO RETABLO DA ERMIDA DO LUGAR DE BANDÍN, PARROQUIA DE SAN PEDRO DE CARCACÍA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O patrimonio rural íntegramente por bens de titularidade pública e privada (estes últimos pertencentes a particulares ou institucións), moito dese patrimonio está en mans da Igrexa, no caso que nos ocupa do arcebispado de Santiago, dotando ás parroquias de elementos artísticos que as identifican culturalmente como lugar e cuns acenos de identidade propios.

O lugar de Bandín, parroquia de San Pedro de Carcacía, de tempos inmemoriais celebra cada 24 de setembro na súa ermida a festividade de Nosa Sra. da Mercede á que acoden en romaxe centos de persoas devotas e non devotas.

Na Mercede é tradición mercalas primeiras noces e pavías da tempada e como non, visítala súa ermida e a fonte miragreira do lugar.

Pois ben o retablo barroco da ermida, século XVII ou XVIII dun doante do lugar e da mesma escola escultórica que o de Sta. María de Iria Flavia aínda que de menores proporcións, atopase nunhas condicións de deterioro evidentes debido ao paso do tempo e á humidade.

A Asociación cultural Nosa Señora da Mercé puxo en marcha unha recollida de sinaturas para apoio á restauración. O conxunto escultórico en si, corre serio risco de caer polo alto estado de deterioro e os veciños deciden protexer o que consideran o seu patrimonio. Tras porse en contacto con institucións e especialistas en restauración, solicítalos permisos para actuar e facer unha colecta e diversas actuacións de "merchandising" para conseguilos fondos necesarios para a restauración que ten un custo de case 34.000 €, a veciñanza fanlle falla 15.000 € para dispor dos fondos económicos necesarios.

Esta iniciativa do pobo acaba de dar un exemplo importante de recuperación patrimonial, un espello no que mirarse outros lugares e parroquias do municipio, amosándonos que o rural padronés está vivo, que o rural quere conservar o seu patrimonio e os seus acenos de identidade e resistise a perder unha parte dos seus bens patrimoniais máis salientables.

É polo que PROPOÑO O SEGUINTE ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Compromiso plenario do goberno municipal para facelas xestións necesarias diante das Administracións encamiñadas a procurar conseguilos 15.000 € que lle faltan a Asociación Cultural Nosa Señora da Mercé para restauralo retablo da ermida.

b.- Que se informe aos grupos políticos da corporación que estean interesados nas medidas adoptadas polo goberno municipal neste asunto.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que para el é un motivo de satisfacción que un grupo de veciños da parroquia de Carcacía procedera a empezar esta restauración polos seguintes motivos: o primeiro porque o rural de Padrón está vivo e o segundo porque o rural de Padrón ten sensibilidade polo seu patrimonio. Que nos últimos vinte anos houbo dúas iniciativas deste tipo, unha na parroquia de Santa María de Cruces que procedeu á recuperación dos cruceiros da parroquia e agora esta. Di que están presentes na sesión os representantes desa iniciativa e dalle o seus máis efusivos parabéns pola labor a polo traballo que están a facer.

Sra. Couso Dopazo. Comenta que coñecen ese proxecto desde setembro e así mesmo a Directora Xeral de Patrimonio tamén ten coñecemento. Que están completamente de acordo e están ao lado dos veciños para facilitarlle as xestións que fagan falta.

Sr. Santaló Ríos. En primeiro lugar, suscribe todo o dito polo señor Rodríguez Carbia, felicitando aos veciños por manifestar esa inquietude na recuperación do patrimonio histórico-artístico que é de todos. Chama a atención ás administracións públicas máis interesadas en recuperar grandes conxuntos cando teñen un patrimonio rural galego moi abandonado, ás veces nin sequera ben catalogado. Ten dúbidas sobre a burocratización cando se fala de facer algún convenio.

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que tanto a Consellería coma a Deputación fan convenios cando se trata de dar unha subvención e soe facerse sobre todo coas asociacións culturais.

Sr. Rodríguez Conde. Tamén agradece a asistencia dos veciños e traslada o seu apoio á CIPa para axudar no que se poida.

Sra. Rey Pazos. Que, como xa dixo na comisión informativa, bota en falta na moción que se concretase o tipo de convenio porque si a administración ten que rehabilitar ou dar caudais públicos para unha propiedade que finalmente é privada debería haber unha contraprestación, pero agora o señor Rodríguez Carbia xa aclarou ese punto. Que lle parece que cando a xente toma a iniciativa para protexer e potenciar a súa cultura, o seu patrimonio e as súas festas, o Concello debe de estar ao seu lado, sen embargo non aconteceu o mesmo coa moción de VÑ sobre a Pascua onde os veciños participaron activamente propoñendo ideas para melloralas e non se tiveron en conta. Que creen profundamente na participación activa da cidadanía na defensa dos intereses colectivos.

Sr. González Pardal. Di que está totalmente de acordo na recuperación do patrimonio sobre todo no rural.

Sr. Forján Seoane. Comenta que xa está todo dito e felicita aos veciños e á asociación Nosa Señora da Merced pola iniciativa que tiveron e di que o grupo socialista está á súa disposición.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 20 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

10.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DE AXP SOBRE A BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Polo señor González Pardal dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<EXPÓN

= Lexislación: A “Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases del Régimen Local”, no seu artigo 26.1b recolle que aqueles municipios que superen unha poboación de 5000 habitantes, deben prestar unha serie de servizos básicos, como son: biblioteca municipal, parque público e tratamento de residuos.

Existen ademais unha serie de normativas que obrigan ás administracións públicas a cumprir uns estándares básicos de calidade nos servizos que prestan as bibliotecas.

Así, temos a “Ley 10/2007, de 22 de junio, de la Lectura, del Libro y las Bibliotecas”, que no seu artigo 13.4 expón os servizos básicos que toda biblioteca pública debe cumprir (Préstamo individual/colectivo, acceso a información dixital a través de internet ou redes análogas, consulta en sala, información e orientación do uso da biblioteca...)

Tamén temos as “Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas”: estas fixaron os estándares a cumprir nas bibliotecas públicas en relación con: número de volumes, postos de



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

lectura, postos de acceso a internet, superficie construída por número de habitantes...

= Que o edificio que alberga a Biblioteca Municipal de Padrón non cumpre a "Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade (DOGA nº 241)" polo que cidadáns con mobilidade reducida non poden acceder á planta de estudo sita no andar superior.

= Que Padrón:

-É un núcleo de 8581 habitantes (INE 2016), no que conviven estudantes de primaria, secundaria, universitarios e estudantes de ciclos de formación profesional.

-Ten dous CEIP (Flavia e Rosalía de Castro) e dous IES (Camilo José Cela e Macía o Namorado). A maioría dos estudantes vense na obriga de desprazarse a outros concellos para poder facer uso dunha biblioteca en condicións.

= Que o horario da biblioteca de Padrón é o seguinte:

-De luns a venres: 10-13.30h e de 16.30-20h

-Sábados: 10-13.30h

-Noites en época de exames: 20-23h.

= Que a Biblioteca Municipal de Padrón solo dispón:

-Dunha sala de estudo composta por 14 mesas e 56 cadeiras (a razón de 4 cadeiras por cada mesa); que a iluminación non é individual para cada mesa, resultando mala e insuficiente. Que o número de enchufes instalados para uso persoal nesa sala de estudo son escasos, ademais de non estar correctamente sinalados.

-Que os ordenadores que hai en toda a biblioteca son insuficientes ademais de atoparse na sala de abaixo o cal obriga ós estudantes a interrompar a súa actividade para facer uso deles.

-Que segundo as normas de varios carteis dispostos pola biblioteca só se pode facer uso do servizo de WIFI na pranta baixa (que en pleno século XXI o uso do WIFI se limite a unha sala que por riba non é a de estudo é algo que non entendemos).

-Que a sala de abaixo, que é na que se fan as actividades con nenos, non está insonorizada, provocando dificultades para estudar en condicións na outra sala.

Por todo isto Alternativa por Padrón propón estudar e debater este punto no vindeiro Pleno ordinario de marzo de 2017, polo que presenta a seguinte moción:

-Que o Concello de Padrón busque unha nova ubicación para a Biblioteca que cumpra ca Lei 10/2014 de accesibilidade, valorando a unificación da biblioteca co Cemit; e que mentres isto non se consegue, se adapte a existente as condicións mínimas que unha Biblioteca Municipal debe cumprir.

-Que o Concello de Padrón amplíe o horario da Biblioteca Municipal, asegurando tanto o servizo de internet/wifi como o de préstamo de libros na totalidade do seu horario (ademais de ofertar o uso do WIFI en tódalas salas) da seguinte maneira:

-Período lectivo: Luns a venres: 9-14h e 15.30-21H

-Período exames (xaneiro-febreiro, maio-xuño) de luns a sábado: 9-24h ininterrompidas, axustando e actualizandoos horarios ós diferentes plans de estudos existentes no momento.

-Que o Concello de Padrón dote á biblioteca de un número axeitado de aulas de estudo coa iluminación

correcta e os enchufes necesarios, así como que teña a insonoración necesaria para estudar en condicións óptimas; que cumpra ca Lei de accesibilidade, buscando os orzamentos necesarios.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra Couso Dopazo. Explica con respecto ao horario que é, de luns a venres, de 10:00 a 14:30 horas e de 16:30 a 20:00 horas e o resto queda como se di. Que o Programa de cooperación bibliotecaria entre o Ministerio de Cultura e as Comunidades autónomas recomenda que as bibliotecas públicas de máis de 5.000 habitantes deberían ter un horario de atención ao público non inferior ás 25 horas e a biblioteca de Padrón ten un horario de atención ao público de 42 horas que se amplía a 56 na época de exames. Que facendo un estudo das bibliotecas veciñas vese que a de Padrón é a que máis horario ofrece e que ten quenda de noite, a pesares de non tratarse dunha biblioteca universitaria. Que con respecto ao tema da iluminación fóronse substituíndo paulatinamente os antigos fluorescentes por puntos de luz branca natural. Que no tema dos rúidos, di que as actividades que se soen facer na pranta baixa son de contacontos e a técnica comenta que teñen preguntado á xente que está estudando na sala de arriba e ás veces incluso non se enteran de que hai unha actividade. Que xa están valorando e xa se pediron, as novas terras de corrente, e a wifi si se pode utilizar, o que pasa é que se queixaban os usuarios porque se estaba facendo un mal uso na zona de arriba, onde a xente estaba estudando e había xente que estaba coa música, cos cascos ou xogando, e por petición dos usuarios púxose esa información. Que a sala conta con 56 postos de lectura que na quenda de noite ampríanse ata 88 porque na sala de abaixo tamén se pode estudar. Que a biblioteca ven de experimentar unha mellora nas súas instalacións, dando un mellor servizo aos usuarios, pois se modificou a normativa adaptándoa ao momento actual e unha vez retirado o mobiliario inadecuado procedeuse ao pintado interior e exterior da mesma, que se adquiriron expositores de libros, sofás para a sala infantil e un novo ordenador. Que se reorganizou o fondo bibliotecario e dotouse dun plan de espurgo. Que se crearon fondos especiais como o local, o documental Camiño de Santiago, o Camilo José Cela, o Rosalía de Castro e centros de interese de leturas obrigatorias para os institutos. Que na sala infantil se colocaron adhesivos de cores nos libros para diferenciar o tramo de idade, a adquisición de fondos mellorou cuantitativa e cualitativamente e periodicamente incorpóranse novidades e a sección de hemeroteca conta con dous xornais máis. Que ademais para dar un aspecto máis actual ao seu funcionamento renovouse o carnet de socio e as tarxetas de préstamo e acolle novos servizos que contan con gran aceptación como o préstamo colectivo e interbibliotecario, o sistema de reserva, o servizo de formación de usuarios e o servizo de desideratas, os programas de animación á lectura, os contacontos e as sesións de lectura compartidas con Ampa.

Sr. González Pardal. Pregunta se esa biblioteca está en Padrón.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que si e invita ao señor González Pardal a visitala cando queira.

Sr. González Pardal. Replica que a biblioteca de Padrón non reúne os requisitos que está demandando a xente de Padrón.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que hai que ter en conta que a biblioteca de Padrón non é unha biblioreca universitaria.

Sr. González Pardal. Replica que el fala das demandas dos usuarios.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que é consciente de que ten problemas de accesibilidade, que non se pode adaptar porque é un edificio antigo e necesitaría dispor de fondos económicos para poder adquirir ou habilitar outro edificio axeitado. Recorda que no mandato 2007-2011, cando colleu a Concellería de cultura, o aspecto da biblioteca era lamentable e o pouco que se fixo foi nese mandato. Que a maioría dos fondos bibliográficos foron donados por Úrsula Heinze, unha das mellores escritoras galegas, que entregou todos os seus fondos da súa obra literaria. Que daquela se fixo o tema das mesas, sillas, regulamento da biblioteca, ampliación de horarios cando era época de estudos e que nesa época si funcionaba a wifi na sala de arriba. Que co tema da ampliación de horario pola noite ao final tiveron que desistir porque non había



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

usuarios. Que todo o que sexa mellorar vai estar a favor, pero o impedimento que ten a biblioteca municipal é o propio edificio que non dá máis de si e habería que buscar un novo.

Sr. Santaló Ríos. Comenta que con respecto ao tema do Cemit non lle parece o máis correcto pero co resto das propostas si estaría de acordo. Que non é unha biblioteca universitaria pero casi reúne a todos os estudantes da comarca porque Padrón é unha capital comarcal e debe reforzar a súa centralidade con todos os servizos que poida en beneficio dos concellos limítrofes e do propio Padrón. Fai unha comparativa co tema de poñer autobuses pola noite para que os rapaces poidan saír con seguridade ou co de organizar botellodromos e entende que se pode gastar algo máis en atender necesidades de índole cultural e de estudo.

Sr. Rodríguez Conde. Di que a biblioteca é a que é. Que é moi mellorable e habería que buscar alternativas. Que con respecto á moción e ao exposto pola concelleira teñen clara a súa postura.

Sra. Rey Pazos. Di que están todos de acordo que un novo edificio sería o ideal, pero son todos conscientes de que non é fácil, pero si hai pequenas medidas que se poden ir tomando pouco a pouco para mellorar. Que os horarios dependerán do contrato que teñen as traballadoras e que non sabe cantos usuarios ten nos meses de estudo.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que no ano 2016 nos meses que tiveron exames contabilizáronse un total de 806 usuarios.

Sra. Rey Pazos. Comenta que é unha boa cantidade. Que é certo que os que fixeron carreiras en Santiago e non vivían alí, quedábanse en Padrón para estudar, e que poderíase valorar poñer unha sala independente, aínda que fora noutro edificio, que fose de estudo e non precisase de ninguén que estivese vixiando porque estase falando de xente adulta.

Sr. Forján Seoane. Di que a concelleira falou de que se fixo un espurgo e dotouse de novos fondos á biblioteca e pregunta que fondos ten actualmente a biblioteca e en canto se incrementou.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que non o sabe agora.

Sr. Forján Seoane. Considera que no Cemit tampouco hai espazo suficiente para ubicar as dúas cousas. Qe tamén fala de dotar dun número axeitado de aulas nese edificio e nesa biblioteca é imposible dotala de aulas. Que están de acordo coa proposta e co fondo pero que todo o que se está proponendo no edificio actual é inviable.

Sr. González Pardal. Explica que o que se dí é que se busque unha nova ubicación que cumpla coa lei de accesibilidade e unha vez que isto non se pode cumprir, propón unha serie de medidas. Que a biblioteca non é só un espezo de estudo senón que é dinamizador e memtres non haxa unha solución, a sala do Cemit pódese utilizar como sala de lectura. Que o único que se está buscando son alternativas.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que o problema do Concello de Padrón é a falta de espazos. Que xa era antes e segue sendo agora.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Cinco (5), emitidos, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Sete (7), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

ABSTENCIÓNS: Una (1), emitida pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non aprobar a moción presentada polo partido político municipal de AxP de data 22 de marzo do 2017, ao non acadar a maioría necesaria.

11.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO USO DAS ZONAS DEPORTIVAS DOS CEIP.

Polo señor Forján Seoane dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 27 de marzo de 2017, que di:

<<Exposición de motivos

Os mozos e mozas, que queren practicar deporte, vense coartados nas súas intencións ao carecer de oferta suficiente de espazos aberetos onde poden xogar.

Unha opción, sería aproveitar as instalacións deportivas dos centros docentes, para facilitar a práctica de deporte aos mozos e mozas fora do horario escolar, en lugar de mantelas cerradas sen utilizar.

Para isto sería necesario que, o concello chegase a acordos ou convenios cos diferentes centros que permitiran utilizar zonas de fora do horario escolar.

Polo exposto, sometemos á aprobación do pleno o seguinte acordo:

Estudar a posibilidade, coas direccións dos centros, para utilizar as pistas deportivas nos períodos non lectivos, especialmente nos meses de verán.>>

Seguidamente o señor Forján Seoane dá conta da seguinte enmenda á súa moción de data 30 de marzo do 2017, que di:

<<1.- Onde di:

“uso das zonas deportivas dos CEIP”

Deberá decir:

“uso das zonas deportivas dos CEIP e IES”

2.- Onde di:

Estudar a posibilidade, coas direccións dos centros, para utilizar as pistas deportivas nos períodos non lectivos, especialmente nos meses de verán.

Deberá decir:

Estudar a posibilidade, coas direccións dos CEIP e IES, para utilizar as pistgas deportivas nos períodos non lectivos, especialmente nos meses de verán.>>

Non producíndose debate sobre a enmenda, o Presidente sométea a votación ordinaria, co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a emenda presentada.

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Forján Seoane. Explica que en Padrón hai só un parque infantil e que ás veces está desbordado e hai instalacións no Concello que a determinadas horas do día están sen actividade.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Comenta que están de acordo.

Sr. Santaló Ríos. Di que tamén están de acordo. Que hai varios centros educativos e todos eles dotados con instalacións deportivas, bibliotecas, salóns de actos e salas de informática, e iso supón unha serie de recursos que están moitas veces infrautilizados.

Sr. Rodríguez Conde. Di que tamén están de acordo.

Sra. Rey Pazos. Di que está totalmente de acordo e que o de entrar a xogar nos Institutos fíxose toda a vida e entende que si no verán se permitira un horario medio nocturno sería interesante.

Sr. Alcalde. Di que hai que falalo con eles e coa Consellería de educación e hai que ver o tema dos seguros se ao final o ceden.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar, coa inclusión da emenda presentada, a moción do PSdeG-PSOE de data 21 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 1-4/2017.

Considerando que ten entrado en vigor o 31/12/2013 a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, publicada no Boletín Oficial do Estado número 312, de 30/12/2013.

Considerando que dita norma regula no seu artigo segundo as modificacións introducidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que a redacción do apartado terceiro do dito artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, é do seguinte tenor literal:

<<Tres. *El artículo 218 queda redactado como sigue:*

Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos

adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación Local.>>

En cumprimento do mandato legal recollido no artigo precedente, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención Municipal:

- Acordo do Pleno da Corporación Municipal de 9 de febreiro do 2017, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 1/2017, de 2 de febreiro, e se procede á aprobación dunha relación de facturas e gastos polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total bruto de 330.241,96 €.
- Resolución do Alcalde número 159/2017, de 20 de febreiro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 2/2017, de 20 de febreiro, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 46.437,88 €.
- Resolución do Alcalde número 170/2017, de 24 de febreiro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 3/2017, de 24 de febreiro, interposto contra a aprobación das nóminas do mes de febreiro do 2017 por importe total bruto de 167.229,26 €.
- Resolución do Alcalde número 202/2017, de 20 de marzo, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 4/2017, de 20 de marzo, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 54.256,17 €.

Sr. Forján Seoane. Ve que neste caso os reparos non son os mesmos de sempre senón que hai un máis pola colaboración coas actividades do Clube Náutico Pontecesures e pide ao señor que o explique.

Sr. Alcalde. Contesta que hai un reparo porque, como pon o reparo, o ideal sería facer un convenio pero hai unha grande cantidade de rapaces de Padrón que utilizan o Clube Náutico de Pontecesures e fíxose unha colaboración.

Sra. Rey Pazos. Pregunta en que consisteu esa colaboración.

Sr. Alcalde. Contesta que agora mesmo non o recorda pero que cree que se colabora co transporte dos rapaces.

Sr. Forján Seoane. Pregunta si se trata dunha colaboración puntual ou si vai prolongarse no tempo.

Sr. Alcalde. Contesta que, en principio, é puntual e logo coa elaboración dos orzamentos analizarase si se prolonga ou non.

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA MOROSIDADE: 4 TRIMESTRE 2016.

O artigo 4.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que: <<Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo>>.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

O apartado 4º do mesmo artigo establece que dito informe debe presentarse ao Pleno da Corporación Local e remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, rendición que se fixo con data 25/01/2017.

Por outra banda, o artigo 5.4 do mesmo texto legal recolle que <<La Intervención (...) incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos (...)>>

En cumprimento do mandato legal recollido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal do informe emitido pola tesoureira e intervención sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais relativa ao cuarto trimestre de 2016.

14.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 084/2017 AO NÚMERO 214/2017.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía da número 084/2017 á número 214/2017.

15.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o señor Presidente pregunta si algún grupo político quere someter á consideración do Pleno algunha moción de urxencia, formulándose a seguinte:

PRIMEIRA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DO BNG PARA DEMANDAR UN SISTEMA DE CONCERTO PARA FINANCIAR OS SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS EN GALIZA.

Sr. Santaló Ríos. Explica que a moción pretende a consecución dun concerto para Galiza que lle permita financiar os seus servizos públicos básicos e que a urxencia ven motivada porque estase sufrindo unha auténtica sangría fronte a un Estado dadiboso. Que os únicos datos dos que se dispón son do 2014 e neste o Estado recadou directa ou indirectamente co Imposto de sociedades 11.131 millóns de euros e financiou á Comunidade de Galicia con 7.034 millóns de euros. Que sabe que desde no Concello non se pode facer pero si instar ao Goberno para que apoiem un concerto económico, de características similares ao de Navarra ou do País Vasco, que ía ser moi beneficioso para Galicia.

Seguidamente o Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Seis (6), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Parda, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Sete (7), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación, por maioría, acorda non ratificar a súa

urxencia.

SEGUNDA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPa PARA SOLICITAR A ADHESIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN AO CONVENIO ENTRE A FEGAMP E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA.

Sr. Rodríguez Carbia. Lee a motivación da urxencia incluída na moción que di:

<<En data 18 de xaneiro de 2017 asinouse un convenio entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais.

O convenio ten por obxecto establecer os mecanismos de coordinación entre a FEGAMP, os concellos que se adhiran e as empresas asinantes, encamiñadas a evitar a suspensión da e gas a persoas e familias beneficiarias por razón de impago da factura ou facturas eléctricas ou de gas ou en caso de suspensión de subministración facilitar o seu establecemento no menor período de tempo posible en virtude de prestación económica de emerxencia social que a Administración Local concederá ao beneficiario previo informe dos servizos municipais para o pagamento da factura ou facturas adebedadas.

Considerando a actual crise económica que está a golpear sobre maneira nas clases sociais máis desfavorecidas e humildes é razón máis que suficiente para motivar a urxencia desta moción e evitar así o corte de subministro eléctrico por impago ante a imposibilidade de facer fronte ao seu custo polo aumento desorbitado das tarifas eléctricas.

Considéranse beneficiarias deste convenio as persoas físicas consumidoras da subministración de enerxía eléctrica ou gas prestado polas empresas asinantes para a súa vivenda habitual situada no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que previa valoración técnica dos servizos sociais municipais poidan ser beneficiarias dunha prestación económica de emerxencia social por atoparse en situación de vulnerabilidade.>>

Non producíndose debate sobre a urxencia da moción, o Presidente somete esta a votación, resultando aprobada por unanimidade das e dos presentes.

Seguidamente procédese ao debate e votación do asunto:

<<SEGUNDA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPa PARA SOLICITAR A ADHESIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN AO CONVENIO ENTRE A FEGAMP E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA.

Polos motivos expostos e outros recollidos no contido do convenio, resulta de interese para este Concello a adhesión ao mesmo, polo que de conformidade coa súa cláusula sétima e en virtude das atribucións recollidas no artigo 21.1ª) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

PROPOÑO O SEGUINTE ACORDO DE RESOLUCIÓN

Solicitar a adhesión do concello de Padrón ao convenio asinado o 18 de xaneiro 2017 entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía, para a protección de persoas e familias en situación de risco e vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais deste Concello.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que efectivamente existe este convenio e estaban estudando si tiña que aprobarse por Decreto ou por Pleno ou por Xunta de Goberno Local pero que, en todo caso, a intención é asinalo. Que a estas



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

alturas xa saben que pode ser por Decreto e que polo tanto asinarase nesta semana ou ben ou luns e que ademais servizos sociais xa estaba a facer o informe para as persoas que estaban en situación de especial vulnerabilidade e adiante que tamén están estudando asinar un convenio tamén coa FEGAMP sobre a Historia Social Única Electrónica.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que este é o momento porque a situación é a que é e que concellos como Ames, Teo ou Santiago de Compostela xa o asinaron.

Sra. Rey Pazos. Di que están totalmente de acordo e que de feito tiña pensado preguntar porque non o traia o grupo de goberno en vez da oposición pero como o señor Alcalde di que estaban dubidando da forma xurídica e como supón que xa prepararon o asunto e o convenio prevé dous meses de impago pero dá a posibilidade aos concellos de ampliar este prazo pregunta que ten pensado facer o Concello de Padrón.

Sr. Alcalde. Contesta que dous meses.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 28 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos presentados polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

- 1.- Sr. Forján Seoane. Se proceda ao bacheado das pistas que o necesitan e da zona de Fondo de Vila xunta a estatua da Pementeira.
- 2.- Sr. Forján Seoane. Se proceda á reposición das sinalizacións vertical e horizontal do Polígono de Pazos, tal como xa se acordou no pleno de xuño de 2013.
- 3.- Sr. Forján Seoane. Se proceda a retirada do lixo do entorno dos contenedores de RSU e selectiva, como se acordou no pleno do 23-12-14. Tamén a limpeza dos contenedores.
- 4.- Sr. Forján Seoane. Se proceda a reorientación das sinais que indican lugares e instalacións deportivas, médicas..., tal como se aprobou no pleno ordinario celebrado o 25 de maio do 2016.
- 5.- Sr. Forján Seoane. Se proceda á adxudicación e realización, entre outras obras pendentes, das obras aprobadas no ano 2015, como son a pavimentación da Rúa Bordel (81.373,94 €), Praza da Leña (31.619,60 €), Reparación de varandas en paseo fluvial do río Sar e outro (59.872,81 €), Saneamento en Muíños e outros (61.593,20 €), Mellora da rede de saneamento e instalación de bombeo en Lestido (52.663,08 €).
- 6.- Sr. Forján Seoane. Se nos facilite a información relativa a ingresos e gastos das festas organizadas polo concello: Pascua, Santiaguíño, Feira Medieval, Entroido, Cabalgata,...
- 7.- Sr. Forján Seoane. Se de cumprimento ao acordado no pleno ordinario do 28.01.16, polos grupos PGD, PSdeG-PSOE, AxP, BNG, CIPa "sobre a falla de elaboración dos orzamentos".
- 8.- Sr. Forján Seoane. Se de cumprimento a moción aprobada cos votos de PGD, PsdeG-PSOE. Veciños, AxP, BNG, CIPa e a abstención do PP (PO 18.02.16) sobre modificación do Regulamento Orgánico Municipal.
- 9.- Sr. Forján Seoane. Se de cumprimento á moción aprobada, ca abstención do PP, no PO do 26.05.16 sobre a deficiente conservación das sinais, e indicadores de lugares, límites de velocidade, do Camiño...

Rogos presentados polo partido político de VÑ.

- 1.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que se proceda a reparar a pisa que se atopa subindo á esuerda da fonte, na aldea de Luáns.

2.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que se proceda ao cambio no espello de tráfico sito na aldea de Morono, xa que se atopa roto e non se ve nada por el.

3.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que se proceda a dotar ao Campo da Barca de maior iluminación para evitar actos delituosos como os roubos ocorridos nos últimos días.

4.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que cando se proceda a cortar unha rúa, por exemplo a rúa de Salgado Araújo por labores de poda u outras, o sinalicen adecuadamente e con tempo suficiente para evitar que haxa confusión nos condutores e que estes se vexan obrigados a realizar manobras inadecuadas.

5.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que o goberno deixe de proceder ao fraccionamento do obxecto do contrato en relación ás facturas polo servizo de limpeza da praza de abastos; as facturas relativas ao subministro de materiais de obra; á limpeza de distintas dependencias municipais; ás reparacións do alumeadado público; ao servizo de atención de dependencia. Todas estas facturas están reparadas pola Intervención Municipal por incumprir a Lei de Contratos do Sector Público.

6.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que o goberno proceda a licitar os contratos prorrogados e non licitados, vulnerando a lexislación de contratos da Administración Pública, como son os relativos á xestión da gardería infantil municipal e os relativos á xestión laboral do Concello de Padrón e a xestión do Centro Social.

7.- Sra. Rey Pazos. Rogamos ao goberno que proceda a sacar as prazas que deben ser ocupadas por funcionarios públicos a concurso, como é o caso das ocupadas polos traballadores do departamento de Urbanismo e Rehabilitación, para así corrixir a situación de ilegalidade que se está a producir.

Rogos orais formulados polo partido político do BNG.

1.- Sr. Santaló Ríos. Rogan que, mentras non se aproba un proxecto de maior envergadura, se mellore o alumbrado da rúa Real dado que agora é unha rúa peonil.

2.- Sr. Santaló Ríos. Rogan que se líciten os postos da Pascua como mínimo con 2 meses de antelación xa que os empresarios das atraccións e outros postos precisan deste tempo para organizarse e tamén sería bo para o Concello.

3.- Sr. Santaló Ríos. Recollendo as demandas dos veciños rogan que se facilite desde o concello un acordo entre propietarios de aparcamentos e os veciños do casco, posto que son os máis interesados, para que poidan estacionar a fin de semana mediante un acordo de establecemento de bonos ou similar.

Rogos orais formulados polo partido político de AxP.

1.- Sr. González Pardal. Rogan que se retire o sinal de parada de taxis situado ao carón do Banco Popular, antigo Banco Pastor, porque dá lugar a engano aos visitantes do pobo.

2.- Sr. González Pardal. Rogan colocar un espello na saída do campo da festa da Escravitude e que xa se pediu varias veces.

3.- Sr. González Pardal. Rogan se lle facilite información sobre o informe das escolas unitarias que se aprobou nunha moción do 2015 e do que a día de hoxe non saben nada e que se pideu en varias ocasións por escrito.

4.- Sr. González Pardal. Rogan que se desastasquen os regos atorados de terra e herbas en Rial, Carcacia, porque cando hai enxurrada os usuarios non poden usar a parada de autobuses porque se mollan

5.- Sr. González Pardal. Rogan que se desastasquen as cunetas que están á saída de Castaño Bascoy.

Preguntas presentadas polo partido político de VÑ non respostadas na sesión plenaria anterior.

6.- Sra. Rey Pazos. Que facían traballadores de parques e xardíns do Concello co vehículo do Concello na



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

propiedade privada coñecida como O Carballal sita na rúa do Carme o mércores 2 de novembro ás 9:30 da mañá?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que pensa que foi para encher o camiión con colchóns para levarlos ao punto limpo.

7.- Sra. Rey Pazos. Como e cando pensa o goberno facer fronte ao acondicionamento dos aparcadoiros existentes?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que xa se acondicionaron algúns e que nesta semana que ven acodicionaranse outros 2 ou 3 e un deles pasará a disposición municipal para estacionar todos os días do ano, excepto un ou dous días, incluídos os domingos.

8.- Sra. Rey Pazos. Si os pivotes que se instaloron no Campo do Souto eran para que os vendedores ambulantes entrasen ou abandonasen o mercado antes ou despois do horario establecido por que non se está a utilizar? Non é isto un malgasto do diñeiro público?

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que si se están utilizar, non os domingos de momento, pero si en Pascua e outros eventos ou para peches temporais de zonas si que se están a utilizar e que non é ningún malgasto de diñeiro público.

9.- Sra. Rey Pazos. Consideran vostedes adecuado que os domingos na Barca o tráfico e o aparcadoiro o dirixan persoas civís? E senón é así porque non toman medidas para que esto non ocorra?

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que a día de hoxe non consta ningunha denuncia nas dependencias policiais por mendicidade agresiva ou existencia de "gorrillas" que extorsionen aos condutores que estacionan nesta zona e polo tanto non se poden tomar medidas legais contra persoas que axudan aos usuarios a estacionar vehículos a cambio dunha lismona voluntaria e que este tipo de comportamentos só se persigue a instancia de parte agraviada, é dicir, previa interposición de denuncia por parte da vítima.

10.- Sra. Rey Pazos. Pódeme informar sobre o problema existente nunha arqueta conectada á toma de Padrón da urbanización A Gandariña e que está a provocar problemas de inundacións e que foi motivo de protesta de varios veciños e veciñas os cales non recibiron ningunha contestación por parte do Concello

Sr. Pardo Andrade. Contesta que se procedeu ao baleirado porque alí hai 2 arquetas que estaban cheas de terra e agora mesmo están funcionando ben.

Preguntas presentadas polo partido político de VÑ.

1.- Sra. Rey Pazos. Un veciño a través desta Conselleira, pregunta se van proceder a instalar outro paso elevado no outro lado da pasarela na zona do campo de fútbol.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

2.- Sra. Rey Pazos. Un veciño, a través desta Concelleira, pregunta como se controla o horario de entrada e saída do persoal do concello.

Sr. Alcalde. Contesta que o control de horario se fai a través do xefe do servizo e si hai algún problema dá conta ao Concelleiro correspondente e así, por exemplo, neste edificio a xefa do servizo é Ana e en Intervención Marcelino e en parques e xardíns Manel.

3.- Sra. Rey Pazos. Unha veciña, a través desta Concelleira, pregunta se os bolardos instalados e a cadea cravada nun muro e nunha parede na entrada da finca coñecida como O Carballal, sita en Rúa do Carme, contan con licenza municipal. De ser positiva a resposta, pódese indicar a data de solicitude da mesma?

Sr. Alcalde. Contesta que non consta que haxa solicitude de licenza pero si consta que hai un problema nesa

zona entre os veciños, que se pideu un vado permanente e concedeuse e pediuse unha certificación de si ese terreo era público ou privado e certificouse que non consta nas dependencias municipais que ese terreo sexa público. Que entende que non ten licenza pero que, en todo caso, si fose privado podería ser legalizable.

4.- Sra. Rey Pazos. Cales son os motivos para que no Centro Médico, ademais dunha limpeza, polo que indican as facturas, regular de 4 horas ao día 5 días á semana por un custo de 1.300 € mensuais sen IVE, en determinados meses se levan a cabo labores de limpeza a maiores durante diferentes días?.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que foi debido á baixa dunha traballadora do Concello que estivo desde o día 15/11 ao 31/12/16.

5.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta os seguintes datos:

Que ata outubro de 2015 a empresa ADINA XESTIÓN S.L., viña realizando un servizo de limpeza en determinadas instalacións do Concello que agora realiza a empresa LIMPESAR S.L.

Que curiosamente a empresa LIMPESAR S.L., da cal non atopamos anuncio algún sobre a súa actividade, foi contratada polo Concello para realizar este servizo uns días despois á súa constitución como empresa en outubro de 2015. Sendo a primeira factura de novembro de 2015.

Que ambas empresas, ADINA XESTIÓN S.L e LIMPESAR S.L cobran a mesma cantidade por realizar o servizo de limpeza, 16 € a hora (sen IVE), como así consta nas facturas.

Que o administrador único da empresa LIMPESAR S.L é o mesmo que o administrador único da empresa ADINA XESTIÓN SEGUROS S.L.

Que a empresa ADINA XESTIÓN SEGUROS S.L ten o mesmo domicilio que a empresa ADINA XESTIÓN S.L.

5.1. Pódesenos indicar cales son os motivos polos que se contrata é empresa LIMPESAR S.L.?Sr.

Sanmarco Santos. Contesta que para a limpeza dos centros sociais de Pazos, da Ponte e de Extramundi dúas horas por semana e algunha substitución nos colexios por baixas.

5.2. Non consideran pouco adecuada, opaca e sospeitosa a contratación da empresa LIMPESAR S.L.?

Sanmarco Santos. Contesta que non.

6.- Sra. Rey Pazos. Cal é o motivo polo que hai un palco instalado no Campo de Fútbol de Extramundi desde hai varios meses e que, por non desmontalo, sufriu os efectos do temporal coa consecuente rotura da lona?

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que se prestou para un evento puntual e xa se lle ordenou a retirada xa hai tempo.

7.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta que o Concello non conta cun servizo municipal de grúa, por qué hai unha praza reservada para o aparcadoiro dunha grúa na Avenida Compostela á altura do Banco Pastor?

Sr. Alcalde. Contesta que non sabe o por que pero que este goberno o retirará cando pinten a zona azul na avenida Compostela.

8.- Sra. Rey Pazos. Cando teñen pensado sinalizar os diferentes aparcadoiros existentes nas estradas de acceso ao pobo, de forma que a xente que os descoñeza poda acceder e saiba como chegar a eles?

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que faltan por sinalar 2 novos.

Sra. Rey Pazos. Pregunta si nas entradas.

Sr. Alcalde. Contesta que están acabando de negociar con certos propietarios, o que antes se comentou para



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

as persoas do casco que poidan estacionar os domingos, e cando estén pechadas as fincas sinalarán.

9.- Sra. Rey Pazos. Que sentido ten para o goberno arranxar unha beirarrúa que non ten acceso para peóns nin leva a ningunha parte, ou máis ben, leva a unha estrada sen paso de peóns? Estámonos a referir a beirarrúa sita na bágoa onde se sitúa a esatua do peregrino, na entrada de Padrón polo Norte.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que estaba desgastado e as baldosas estaban levantadas e rotas.

Preguntas presentadas polo partido político do BNG.

1.- Sr. Santaló Ríos. Cabalgata de Reis. Solicitamos os gastos da cabalgata, facilitáronnos unha relación de gastos por 12.216,08 €. Con posterioridade apareceron máis gastos: factura nº fac- 1/20170109 almacenes Eladio//materiales suministrados para cabalgata de reis 91,68 €, e a factura nº fac- 01/2017 asociación cultural banda de música de Padrón//actuación día de reis 2.400 €. (Xunta de Goberno Local ordinaria do 23 de febreiro de 2017).

a) ¿Porque non se incluíron estas facturas na relación facilitada ao BNG? Quedan pendentes outros gastos?.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que cando o señor Santaló Ríos retirou esa primeira relación esas facturas non estaban pagadas e por iso non estaban incluídas.

b) Dos pagos realizados, pouco máis dun 25% corresponden a empresas do Concello. Por que unha porcentaxe tan baixa?. Cren que así se promociona o comercio local?.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que compran no comercio de Padrón sempre que poden.

c) Se o prezo habitual do aluguer do tren a Pekexogo son 600 €, por que o custo desta atracción para a cabalgata foi de 1000 €?.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que é debido ás diferentes solicitudes que ten este tren para ir a diversos lugares.

d) Por que se contratou unha charanga de Tui? Non había no Concello charangas ou grupos folclóricos que se puideran contratar?.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que as do Concello non estaban dispoñibles e esa de Tui foi contratada por unha das empresas que contratou o Concello.

e) Non podían comprar/encargar en Padrón as 1000 varitas de pompas que repartiron?.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que a razón foi basicamente a diferenza de prezo.

f) A tarefa de entretemento e animación ascende a 5.136,49 € e está prestada por tres empresas diferentes. Non lle parece excesivo o gasto e o número de empresas contratadas para este servizo?.

Sr. Pardo Andrade. Reitera que é polas datas, Nadal, e esas empresas son contratadas para o Nadal.

Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

1.- Sr. Forján Seoane. Onde están os cadros que foron retirados da Alcaldía despois do incendio na noite do 5 de xaneiro así como os premios das diferentes edicións do premio de pintura Terras de Iria?

Sr. Alcalde. Contesta que os cadros están na terceira pranta e o dos premios están repartidos entre o Concello de Padrón, o de Rois e o de Dodro e tamén no Convento, na aula de formación, e concretamente aquel do fondo (sinalando un cadro do Salón de Plenos) dese premio.

2.- Sr. Forján Seoane. Que teñen pensado facer e cando co edificio rehabilitado da Casa dos Capeláns?

Sra. Couso Dopazo. Contesta que será destinado a museo e que será cando rematen as obras.

3.- Sr. Forján Seoane. Cal é o número de expedientes abertos nos últimos 6 anos a propietarios de edificios en mal estado no casco urbano con indicación dos pechados e o resultado dos mesmos.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que 26 no ano 2016 en diferentes procesos de tramitación e desde os últimos 6 anos contestarán por escrito.

4.- Sr. Forján Seoane. Hai tellados que seguen a verter directamente á rúa, por que non se executou o acordo aprobado en pleno o 24/11/2016 relativo aos vertidos de tellados directamente á rúa.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que si se executou e que de feito ten un estudo feito polos técnicos que están levando a cabo diferentes procesos de tramitación.

5.- Sr. Forján Seoane. En que estado de tramitación se atopa a moción presentada o 20 de xaneiro de 2016 polos grupos PGD, PSdeG-PSOE, Veciños, AxP, BNG e CIPa sobre a modificación do regulamento orgánico municipal?

Sr. Alcalde. Contesta que está en lista de espera porque o que se solicita é que se modifique un artigo do regulamento pero ao mellor nin siquera é ventaxoso que se modifique.

Sr. Forján Seoane. Di que ese acordo xa se tomou aquí posteriormente.

6.- Sr. Forján Seoane. Aínda non se puxeron en contacto para asinar a cesión dos terreos e o propietario segue esperando e pregunta ¿en que situación se atopan as xestións para a cesión do terreo necesario para ampliar a pista de Extramundi de Abaixo a AC-299.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que non se falou co propietario desde a última vez.

Preguntas orais do grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

1.- Sr. Forján Seoane. Na comisión pasada preguntou por un badén que se fixera na última pasarela do río Sar e o Alcalde dixo que era homologado e a continuación levantouse o badén por que?

Sr. Alcalde. Contesta que o badén non se rectificou porque non estaba finalizado.

2.- Sr. Forján Seoane. Sábese xa que empresa se vai contratar para facer a limpeza e mantemento durante as festas da Pascua.

Sr. Alcalde. Contesta que non, que se están pedindo orzamentos.

Preguntas orais do partido político do BNG.

1.- Sr. Santaló Ríos. Que criterio sigue o goberno municipal para permitir a entrada e saída de vehículos no casco urbano en situacións especiais?.

Sr. Alcalde. Remite ao artigo 17 da Ordenanza.

2.- Sr. Santaló Ríos. Por que se rectificou o paso de peóns que está detrás do Campo da Feira?.

Sr. Alcalde. Contesta que non estaba rematado, que lle faltaba a parte plana de arriba.

3.- Sr. Santaló Ríos. O monto das retribucións para cargos de goberno vaise incrementar, manter ou diminuir?

Sr. Alcalde. Dille que lla responderá para o próximo pleno.

Preguntas orais do partido político de AxP.

1.- Sr. González Pardal. En relación ao plan de peatonalización que aprobaron todos os grupos hai algún procedemento aberto por esta causa?



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Contesta que si, un procedemento contencioso-administrativo.

2.- Sr. González Pardal. Xa que Padrón é un centro de oportunidades vaise poñer en marcha algún plan estratéxico para o casco histórico, para incentivar o comercio e a hostelería?

Sr. Alcalde. Di que a contesta no próximo pleno.

3.- Sr. González Pardal. Vai haber licitación da cafetería do centro social este ano?

Sr. Alcalde. Contesta que espera que si.

4.- Sr. González Pardal. Vai haber licitación do contrato da escola infantil este ano?

Sr. Alcalde. Di que a contesta no próximo pleno.

5.- Sr. González Pardal. Despois de adjudicar unha parcela da Pascua na puxa si o adjudicatario non paga que sucede con esa parcela?

Sr. Alcalde. Di que a contesta no próximo pleno.

6.- Sr. González Pardal. Por que tendo un evento no que o Concello se gasta 13.000 euros, a carreira popular, no que hai inscritas 1.200 persoas, sabendo con antelación suficiente, non se fala coa hostelería para facilitarlle a esos participantes e acompañantes dos mesmos que consuman no pobo?

Sr. Alcalde. Di que a contesta no próximo pleno.

7.- Sr. González Pardal. Na sesión plenaria do 26 de xaneiro do 2017 fíxose unha pregunta ao señor Alcalde sobre as pilonas de polipropileno que se supón se colocan nos accesos ao mercado e desde esa data colocáronse ditas pilonas? Engade que espera unha fotografía que lle dixo o concelleiro.

8.- Sr. González Pardal. Aluga o Concello os pavillóns municipais a empresas ou autónomos para actividades con ánimo de lucro?

9.- Sr. González Pardal. O Concello paga mensualmente unha nave no Polígono de Pazos, exactamente 1.326 € ao mes para o GES. É certo que esa nave na que o Concello paga o alugueiro está sendo usada pola empresa que realiza o servizo de recollida de basuras?

10.- Sr. González Pardal. As fincas "leira-parking" que existen no Concello de Padrón teñen algún tipo de licenza de actividade?

Preguntas orais do partido político de VÑ.

1.- Sra. Rey Pazos. Dado o documento gráfico no que se mostra que o badén está acabado o luns e na seguinte fotografía vese totalmente destruído, pode explicar o goberno si se fixo isto con motivo de que a altura do primeiro non era a adecuada e a homologada?

Sr. Alcalde. Contesta que non, que con quen o fixo quedamos en que tiña que ser plano e entón o tivo que modificar.

Sra. Rey Pazos. Entenden que os sobre custos serán a cargo da empresa.

Sr. Alcalde. Contesta que si.

2.- Sra. Rey Pazos. É propia do departamento de parques e xardíns a función de recoller colchóns en fincas privadas?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que senón hai outro persoal si.

3.- Sra. Rey Pazos. Que unha empresa de limpeza se contrata para limpar xa o sabían, que a pregunta é que leva ao goberno a escoller á empresa LIMPESAR, deixar de contratar con ADINA XESTIÓN e non contratar a outra? Antes dixeron que o motivo era polo custo, que é máis barata, pero non é verdade.

Rematado o turno de rogos e preguntas o señor Presidente comunica que o próximo 2 de abril iluminarase o Concello en azul a fachada polo Día do Autismo, igual que outros edificios como o Pazo de Raxoi ou a Torre de Hércules, para dar un apoio ás persoas que están nesa situación.

Sendo as vinte e dúas horas e un minuto, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Asdo. Ana María Ares Álvarez